



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE **FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA** PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE E INTEGRACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa entidade Fundación Down Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2019. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase Fundación Down Compostela dende o 1 de xaneiro de 2019 tamén poderán ser subvencionadas

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Fundación Down Compostela para a execución dun proxecto de realización de actividades de aprendizaxe e integración de dúas persoas con síndrome de down, seleccionadas por Fundación Down Compostela, mediante prácticas formativas nas dependencias da Xunta de Galicia, en San Caetano, Santiago de Compostela.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

O obxecto do convenio permitirá obter resultados transferibles ás políticas de integración social e laboral das persoas con discapacidade.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, Fundación Down Compostela, é unha entidade que utiliza un enfoque integral e individualizado na determinación das actuacións de intervención en función das necesidades de cada persoa usuaria, centrado nas potencialidades de cada persoa e non nas súas carencias, baseado entre outros nos principios de aprendizaxe funcional e socializador.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de





Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

